

## O FOGUETE

O foguete sobe ao ceo  
como un raio.  
Perde forza e cae ao chan  
nun desmaio.

O foguete chega ás nubes!  
Que bravura!  
Que de estalos! Que bruído!  
Pouco dura!

Mais a cana do foguete  
cae de plano.  
Que aguillada de xoguete!  
Que galano!



## A FESTA DO PATRÓN

É a festa do patrón  
agardada o ano enteiro.  
Se a banda está tocando,  
está calado o gaiteiro!

Son as festas do patrón!  
As campás a repicar!  
Foguetes de sete estalos  
polo ceo a retumbar!

Todo o pobo está no adro,  
que é a festa do patrón.  
E San Xoán vai moi ufano  
presidindo a procesión!

É a festa do patrón!  
É a festa de San Xoán!  
Bailan os mozos e as mozas!  
Moi ledos todos están!

É a festa do patrón,  
do patrón do meu lugar!  
Todo é hoxe diversión,  
e mañá..., a traballar!

